

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2020/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	24 de novembro de 2020
Duración	Dende as 13:00 ata as 13:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ
Excusas de asistencia presentadas:		
77404245E	Angela Troitiño Gil: «MOTIVOS COVID»	NO

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 17.11.2020	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 17 de novembro de 2020.

Expediente 1227/2019. Licencias Urbanísticas - Antonio Rabuñal García

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

1º.- Por Antonio Rabuñal García, con DNIXXXXXXX , presentouse escrito o día 01/07/2019, polo que se solicita licenza urbanística para AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR sita no Lugar de Medelo, 8, Manduas, Silleda, (ref. cat. 36052C510008790001YH).

Aporta proxecto técnico elaborado polo arquitecto JOSÉ ANTONIO HERNANDO EZQUERRA, visado o día 24/06/2019 con número 1903405,2.

2º.- En data 22/08/2019 o arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, emite informe de requirimento. Este requirimento foi remitido ao interesado o día 23/08/2019.

3º.- Consta carta de pago de data 01/06/2019, do ICIO e da taxa municipal.

4º.- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente N20-0232, de data 21/11/2019.

5º.- Consta autorización de Augas de Galicia de data 07/07/2020 para a execución das obras.

6º.- En data 18/11/2019 emítese autorización polo Servizo de Infraestruturas Agrarias, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de Medio Rural por tratarse dunha finca resultante do proceso de concentración parcelaria de Manduas –Chapa no Concello de Silleda, decretada o 19/08/1967 e finalizada o 06/09/1979 con aprobación da acta de reorganización da propiedade. Trátase do predio 879 do polígono 10.

7º.- Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 16/09/2020, condicionando o inicio das obras á presentación da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.
3. Oficios de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

8º.- Consta no expediente informe de Secretaría número 19/2020, de 02 de outubro.

9º.- En data 02/10/2020 remíteselle ao interesado requirimento de documentación.

10º.-Consta presentada documentación en data 09/10/2020 en contestación ao requirimento,

completada o día 09/11/2020.

11º.- Consta

Considerando o informe proposta de resolución nº 22/2020 emitido pola Secretaría da Corporación en data 25 de outubro, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na Resolución do 20 de xuño de 2019, adopta o presente acordo:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a Antonio Rabuñal García, con DNI 32437116 D, presentouse escrito o día 01/07/2019, para AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR sita no Lugar de Medelo, 8, Manduas, Silleda, (ref. cat. 36052C510008790001YH).

CADRO PARÁMETROS URBANÍSTICOS			
PARÁMETROS	PROXETO	LSG/RLSG	CUMPRE
Usos	Vivenda unifamiliar	Artigo 40 LSG	Si
Superficie parcela	1.703,00 m ²	Artigo 40 LSG	Si
Superficie construción	23,45 m ²	Artigo 40 LSG	Si
Ocupación		Artigo 40 LSG	Si
Nº Plantas	B + 1	Artigo 40 LSG	Si
Altura	4,60m	7m	Si
Volume	141,10 m ³	Artigo 40 LSG	Si
Retranqueo camiños	>4m	4m	Si
Retranqueo lindeiros	11,72 m	5 m	Si

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo técnico José Antonio Hernando Ezquerra (Hernando Ezquerra SLP) cuxo presuposto de execución material ascende a 26.115,00 euros e ao planeamento vixentes na localidade. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Antonio Hernando Ezquerra.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polo PXOM de Silleda como SOLO RÚSTICO DE PROTECION AGROPECUARIA.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da LSG. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de

propiedade.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Deberanse respectar as seguintes normas de aplicación directa:

- a) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
- b) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- c) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido

non cumpra as anteriores prescricións.

Sétimo.- A eficacia desta licenza queda condicionada ao cumprimento do disposto no artigo 39.e da LSG: "Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica".

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE